

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 3 de setembro de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se modifica parcialmente a Resolución do 16 de maio de 2018 pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018.

A Orde do 31 de decembro de 2017 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro) establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva.

Pola Resolución do 16 de maio de 2018 (DOG núm. 101, do 29 de maio) adxudícanse as axudas ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do programa de apoio á etapa predoutoral que se relacionan no seu anexo III e publícanse as listas de agarda correspondentes.

Pola Resolución do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 28 de agosto de 2018 estímase o recurso presentado por Abel Muñiz Mouro, candidato da Universidade de Santiago de Compostela á modalidade A destas axudas, contra a Resolución do 16 de maio de 2018. A estimación do recurso materialízase no cambio da puntuación final do candidato a 8,1113 puntos e a súa inclusión no posto que lle corresponde na lista de agarda desta modalidade.

No artigo 11.6 da convocatoria indícase que cada lista de agarda debe estar integrada por un número equivalente ao 50 % das axudas concedidas para cada modalidade e órgano instructor. Como consecuencia, sae da lista de agarda da modalidade A o investigador que figuraba no último lugar.

CVE-DOG: 1qxdjsl2-ass9-zhk5-h6q3-f8ocwbktoc82



A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á persoa titular da presidencia da Gain, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

En consecuencia, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Como consecuencia da estimación do recurso presentado por Abel Muñiz Mouro (expediente ED481A-2018/023), candidato da USC na modalidade A destas axudas, contra a Resolución do 16 de maio de 2018, modificar a lista de agarda da modalidade A do SUG e incluílo como suplente no posto 2 que lle corresponde pola súa puntuación.

Segundo. Excluir da lista de agarda da modalidade A do SUG a solicitude de Hugo Campos Romero, candidato presentado pola USC.

Terceiro. Publicar a nova lista de espera da modalidade A do SUG destas axudas como anexo.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
e presidente da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 1qxdjsl2-ass9-zhk5-h6q3-f8ocwbktoc82



ANEXO

Lista de agarda da modalidade A do Sistema universitario de Galicia

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/073	USC	Farto	Vaamonde	Xián	*****851Z	2	8,1143
ED481A-2018/023	USC	Muñiz	Mouro	Abel	*****237S	3	8,1113
ED481A-2018/036	USC	Hermida	Nogueira	Lidia	*****005G	2	8,0225
ED481A-2018/178	UDC	Cid	Bengoa	Clara	*****729S	2	7,9981
ED481A-2018/314	UDC	Uzal	Varela	Rocío	*****619R	-	7,9747
ED481A-2018/154	USC	Lado	Baleato	Óscar	*****322L	2	7,9231
ED481A-2018/298	UVIGO	Vázquez	Arias	Alba	*****212H	-	7,9093
ED481A-2018/056	USC	Vivero	López	María	*****964Z	1	7,8596
ED481A-2018/134	USC	Pose	Boirazian	Tomás	*****905Z	3	7,8483
ED481A-2018/069	USC	Alonso	Rego	Cecilia	*****53M	1	7,8325
ED481A-2018/011	USC	Ameneiro	Quiñoy	Cristina	*****538W	2	7,8094
ED481A-2018/117	UDC	Concheiro	Moscoso	Patricia	*****095Y	3	7,7997
ED481A-2018/251	UDC	Arslan		Kubra	*****996V	2	7,7815
ED481A-2018/177	USC	Sanjurjo	Durán	Emilio	*****114Z	2	7,7677
ED481A-2018/232	UVIGO	Morandeira	Conde	Lois	*****087B	2	7,7622
ED481A-2018/318	UDC	Martín	Prieto	Rodrigo	*****010H	2	7,7249
ED481A-2018/109	USC	Tubío	Fungueiriño	María	*****416H	1	7,7221
ED481A-2018/301	UVIGO	Araújo	Branco	Catarina Isabel	*****183J	2	7,7129
ED481A-2018/006	USC	Riádigos	Sánchez	Irma	*****835F	2	7,6992
ED481A-2018/295	UVIGO	García	Rodríguez	Michael	*****274R	3	7,6914
ED481A-2018/335	UVIGO	Herrera	Pérez	Salvador	*****260F	2	7,6493
ED481A-2018/290	UVIGO	Salvador	Gimeno	Coral	*****184Y	3	7,6487
ED481A-2018/286	UVIGO	González	de Santos	Luis Miguel	*****435B	2	7,6469
ED481A-2018/062	USC	Mallo	Abreu	Ana	*****999Y	2	7,6461
ED481A-2018/088	USC	López	Iglesias	Clara	*****470B	2	7,6302

